

# “Os parruliños coñecen a rúa”

## Actividade para Educación Infantil

---

**ACTIVIDADE DIRIXIDA A ALUMNADO DO ÚLTIMO CURSO DE INFANTIL: 5 ANOS**

Aínda que as competencias básicas non se inclúen como elemento curricular, si se considera que nesta etapa séntanse as bases para o desenvolvemento persoal e social, e intégranse aprendizaxes necesarias para o posterior desenvolvemento das competencias básicas en todo o alumnado, baixo esta premisa, **incentívase principalmente o coñecemento do seu ámbito inmediato, integrando neste á Policía Local como axente social próximo e colaborador.**

### 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (3-5 anos)

#### OBXECTIVOS:

- Coñecer normas básicas como peóns: cruzar a rúa polos pasos de peóns, non correr pola beirarrúa, mirar antes de cruzar,...
- Coñecer as normas de seguridade nos coches: importancia do uso adecuado da cadeira de retención infantil, non molestar ao conductor, baixarse sempre polo lado da berriarrúa,...
- Entender a necesidade del uso do casco na bicicleta.
- Relacionar a figura da Policía Local co tráfico.
- Achegar a figura da Policía Local como persoa próxima do seu entorno cotidiano e, sobre todo, despertar a súa confianza.

#### ACTIVIDADES:

- Presentación e exposición do traballo do Policía Local, buscando a interacción do grupo nunha charla aberta donde poidan preguntar ou contar anécdotas.
- Visionado dos vídeos de debuxos animados de educación viaria de “*Green Light Seguridad Vial*”: Os axentes de tráfico. Os semáforos de peóns. Ao baixarse dun coche.
- Comentarios guiados sobre os vídeos expostos.

- **Camiño escolar seguro:** percorrido polos arredores do centro para levar á práctica o aprendido na aula. Para esta actividade pónenselles chalecos policiais amarelos. Sempre se solicita a colaboración de polo menos dous adultos. Pretende que os nenos e nenas aprendan non só os coñecementos relativos ao tráfico propios para a súa idade, sempre de forma lúdica con materiais audiovisuais, senón que tamén se realiza unha ruta arredor do seu centro para levar á práctica todo o aprendido na aula. Búscase que establezan unha mellor relación co seu ámbito máis próximo, nos seus desprazamentos do día a día e en situacións que poden considerar como cotiás e reais.

#### **TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:**

- 2 horas.

#### **RECURSOS:**

- Proxector e reprodutor de vídeo.